

RESOLVEU

“*Primeiro:* Aprobar o Padrón da Taxa por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública e, en xeral, en bens de dominio público municipal, autorizados ó amparo da Ordenanza Municipal Reguladora da Venda Ambulante no Termo Municipal de Cangas correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2014.

Segundo: Establécese o período voluntario de cobranza entre os días 27 de xaneiro e 27 de marzo de 2014. O ingreso poderá realizarse nas Entidades Colaboradoras que figuran nos propios recibos. O transcurso do período voluntario de ingreso sen que este se produza, determinará o inicio do procedemento executivo, co devengo e esixencia dos recargos, intereses e demais conceptos que correspondan, de acordo co disposto na Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Terceiro: Os recibos remitiranse ó domicilio dos suxeitos pasivos mediante correo ordinario. Advírtese que a non recepción do recibo non exonera da obriga de pagamento. En caso de non recepción, destrución ou extravío do mesmo, dentro do período voluntario de ingreso, os contribuíntes poderán dirixirse ás oficinas do Concello para obter un duplicado.

Cuarto: Esta Resolución notificarase colectivamente mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, así como a través de Edictos. A partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, o Padrón permanecerá exposto ó público durante 15 días hábiles, a efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e recursos que estimen pertinentes.

Quinto: Contra a presente resolución e o Padrón que aproba, cabe interpoñer recurso de reposición perante a Alcaldía do Concello de Cangas no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ó da finalización da exposición pública, sen prexuízo de que os interesados poidan presentar calquera outro recurso que estimen pertinente.

O que se fai público, en cumprimento do disposto no artigo 102 da Lei 38/2003, Xeral Tributaria.”

Cangas, 3 de xaneiro de 2014.—O Alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar.

2014000301

* * *

O GROVE

A N U N C I O

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral para o exercicio de 2014 publícase o seu resumen por capítulos tal como dispón o art. 169.3 do RDLeg. 2/2004 de 5 de marzo.

ESTADOS DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
<i>RESUMEN POR CAPÍTULOS</i>		
I	Gastos de personal	3.562.716,00
II	Compras de bens e serv.	3.684.634,00
III	Intereses	145.000,00
IV	Transf. corrientes	655.650,00
VI	Inversións reais	107.000,00
VII	Transf.de capital	0,00
IX	Amortización deuda	760.000,00
TOTAL	8.915.000,00

ESTADOS DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
<i>RESUMEN POR CAPÍTULOS</i>		
I	Impostos Directos	3.365.001,00
II	Impostos Indirectos	50.000,00
III	Tasas e outros ingresos	2.595.504,00
IV	Transferencias Corrientes	2.902.992,00
V	Ingresos Patrimoniais	1.501,00
VI	Enaxenación Inversións	0,00
VII	Transferencias Capital	2,00
IX	Variación Pasivos Finan.	0,00
TOTAL		8.915.000,00

O Grove, a 17 de xaneiro de 2014.—O Alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

2014000375

E D I C T O

Aprobada definitivamente a plantilla de persoal para o ano 2014 procédese a súa publicación, según o disposto nos artigos 126 e 127 do texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado por RDLex 781/1986.

PERSONAL FUNCIONARIO

DENOMINACION	Nº DE POSTOS	GRUPO	NIVEL	COMPLTO. ESPECIFICO	CUERPO ESCALA	TITULACION	Nº VACANTES
SECRETARIO	1	A1	30	20.190,10	ESTATAL	Universit. Grado	1
INTERVENTOR	1	A1	30	20.190,10	ESTATAL	Universit. Grado	1
RECAUDADOR	1	A1	24	12.147,52	ADM.XERAL	Universit. Grado	1
TECNICO	2	A1	24	12.147,52	ADM.XERAL	Universit. Grado	1
INGENIERO EDIFICACIONES	1	A1	30	13.315,54	ADM. XERAL	Universit. Grado	
ARQUITECT. TÉCNICO	1	A2	22	13.315,54	ADM.XERAL	Universit. Grado	1
ADMINISTRATIVO	4	C1	18	8.135,96	ADM.XERAL	Bach. Sup.	
ADMINISTRATIVO-TESORERO	1	C1	18	13.617,80	ADM.XERAL	Bach. Sup.	
AUX.ADTIVO.	7	C2	16	6.990,20	ADM.XERAL	Grad. Escol.	5
SUBALTERNO	1	E	14	6.405,28	ADM.XERAL	Certif.Escol.	1
INSPECTOR	1	B	19	9.858,38	ADM.ESPEC.	Bach. Sup.	
OFICIAL	1	C1	16	6.082,58	ADM.ESPEC.	Grad. Escol.	
POLICIA	14	C1	16	5.168,24	ADM.ESPEC.	Grad. Escol.	
ELECTRICISTA	1	C2	16	6.990,20	ADM.ESPEC.	Grad. Escol.	1
AUX.SERVICIO AUGA	1	E	14	6.405,28	ADM.ESPEC.	Certif.Escol.	1
ENCARGADO OBRAS	1	C1	19	10.554,46	ADM.ESPEC.	Bach. Sup.	
OPERARIO INSTALAC. DEP.	1	C2	16	6.990,20	ADM.ESPEC.	Grad. Escol.	1
TÉCNICO AUX. DEPORTIVO	1	C2	16	6.990,20	ADM.ESPEC.	Grad. Escol.	1
SEPULTURERO	1	E	14	5.977,16	ADM.ESPEC.	Certif.Escol.	1
TOTALES	42						16

PERSONAL LABORAL FIXO

POSTO DE TRABALLO	Nº PRAZAS	SOLDO ANUAL	COMPLTOS CONVENIO	TITULACIÓN	Nº VACANTES
LIMPIADORA	1	16.353,12		Cert.Escolar	1
ORDENANZA	1	17.207,68		Cert.Escolar	1
TRABALLADORA SOCIAL	1	23.980,46		Diplomada	
PORTEIRO COLEXIO	4	17.207,68		Cert.Escolar	1
AUX. CULTURA	1	17.207,68		Grad. Escolar	1
ELECTRICISTA	1	19.794,46	2.690,76	Grad. Escol.	1
ENCARGADO SERV. DE AGUAS	1	21.294,46	2.690,76	Grad. Escol.	
OPERARIOS SERV. AGUAS	2	17.214,26	2.690,76	Grad. Escol.	2
CONDUCTOR	3	17.523,52		Cert.Escolar	2
OPERARIOS	13	17.207,68		Cert. Escolar	8
ENCARGADA CASA CULT.	1	23.393,30		Bach.Sup.	1
BIBLIOTECARIA	1	16.353,12		Grad. Escol.	1
ENCARGADO PABELLON	1	18.390,26		Cert.Escolar	1
MECANICO	1	17.523,52		Cert.Escolar	1
ENCARGADO ALMACEN	1	17.207,69		Cert.Escolar	
ENCARGADO MERCADO	1	16.353,12		Cert.Escolar	
XARDIÑEIRO	1	16.353,12		Cert.Escolar	1
AXENTE DE EMPREGO E CONSUMO	1	25.356,10		Titulación Superior	1
RESP OFICINA INFORM XUVENIL	1	12.183,24		Diplomatura	1
PSICÓLOGO EDUC. FAMILIAR	1	17.939,18		Titulación Superior	1
PSICÓLOGO CIM	1	20.322,40		Titulación Superior	1
TÉCNICO MEDIO AMBIENTE	1	25.347,70		Titulación Superior	1
TOTALES	40				22

O Grove, a 17 de xaneiro de 2014.—O Alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

2014000376

* * *

A ILLA DE AROUSA

A N U N C I O

Intentada notificación á entidade EXPANSIÓN HOTELERA DE AROSA de acordo da Xunta de Goberno Local de data 03 de outubro de 2013 e resultando esta imposible, publícase o mesmo en cumprimento do disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, e que transcrito literalmente di:

“3.E.—EXPEDIENTES URBANÍSTICOS.

3.E.2.—Preséntase expediente relativo ó desenvolvemento da Área de Reparto nº 14 do PXOM de A Illa de Arousa, e se informa que o proxecto d eurbanización foi aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local de data 30 de novembro de 2007 e se informa que transcorridos case que seis anos a urbanización atópase sen executar, o que supón un incumprimento das normativa urbanística aplicable. Isto posibilita o troco de sistema de actuación, dun sistema indirecto de concerto, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 28 de abril de 2006, a un sistema directo de cooperación, no que o Concello executará a urbanización, sendo de conta dos propietarios os gastos que se xeneren.

Por Secretaría se informa que o expediente iniciouse por Providencia de Alcaldía de data 26 de setembro de 2013, e que en data 27 de setembro o Sr. Secretario emite o informe que transcrito literalmente di: